



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE  
DATA 15 de maio de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
DONA PAOLA MARIA MOCHALES  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

**SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

**INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15 de maio de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08/05/2017, que se aprobou por unanimidade.

**Propostas**

**ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

**PRP2017/2088**

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o subministro de materiais para a construción por persoal municipal de mupis para exposicións na rúa, por un importe total de 1.361,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.62300, aprobando os seguintes orzamentos presentados:

- Enrique M. Rodríguez Barreiro, S.L. por importe de 332,75 €
- Cuevas, S.L., por importe de 76,23 €
- Maderas J. Redondo, S.L., por importe de 603,79 €
- Intermaco, S.L., por importe de 60,50 €
- Intermaco, S.L., por importe de 93,65 €
- Áridos del Umia, S.A., por importe de 167,42 €
- Baygar, por un importe de 27,33 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2017/2181**

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **STIN, S.L. Servicios Técnicos Integrados del Noroeste**, para a compra de 2 scanners marca Epson Workforce DS-860, por un importe total de 2.311,10€ (IVE incluído), con cargo á partida 9201-62600. Un scanner para Secretaría e outro para a Xerencia de Urbanismo coa finalidade de poñer en funcionamento o Rexistro Xeral electrónico.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/2182**

Dáse conta de informe do Xefe de Alumeado Público e Mantemento do Concello informando de protestas veciñais por parte dos veciños da Rúa Catoira nº 5 por ruídos producidos por un transformador situado no baixo do edificio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir a UNIÓN FENOSA para que adopte as medidas necesarias para evitar as molestias do transformador con matrícula 36CMR9 situado no citado lugar.

#### **PRP2017/2186**

Dáse conta da proposta de convenio de cooperación a subscribir para o presente ano 2017 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, polo que o Concello se compromete a aboar á Agrupación a cantidade de 65.000,00 € para facer fronte aos gastos derivados de actividades ao longo de 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto e proceder ó aboamento do 50% do importe da subvención á sinatura do convenio, con cargo á partida 135.489.

#### **PRP2017/2187**

Vista a proposta da Concellería de Seguridade Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Senalizaciones y Balizamientos de Galicia, S.A.** para o repintado de pasos de peóns nunha superficie de 3.157,8947 m<sup>2</sup>, por un importe de 21.780,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22799, nas condicións indicadas na propia oferta.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (D. Mario Vázquez)

#### **PRP2017/2191**

Dáse conta do contrato menor de publicidade e promoción turística do concello de Vilagarcía de Arousa asinado con D. Francisco Javier Franco Quintáns, polo que o Concello acorda aobarlle a cantidade de 1.500 € e o Sr. Franco Quintáns se compromete a levar a cabo con motivo da colección de roupa AROUSA a acción publicitaria descrita no citado contrato.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2017/2193**

Vista a proposta do Axudante-Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR, S.L.** para o alugueiro de un sanitario AIS 4mt durante os meses de verán (xuño, xullo, agosto e setembro de 2017) para a súa instalación na Praia do Preguntoiro, por un importe total de 642,15 € (IVE incluído), con cargo á partida 4591.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



**PRP2017/2195**

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, en relación co corte temporal de parte dun carril de circulación da EP9601 Vilagarcía-Cea-Castrogudín co fin de reparar unha incidencia detectada no sistema de impulsión do Bombeo de Cea, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o gasto relativo á taxa por autorización de obras e outros aproveitamentos situados nas zonas contiguas ás estradas provinciais, a favor da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 40,31 €, de conformidade á notificación de cargo que se achega.
- 2.- O recoñecemento de obriga a favor da Deputación Provincial de Pontevedra polo citado importe de 40,31 €, con cargo á partida 161.22502.

**PRP2017/2197**

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinatura dun convenio de colaboración coa Empresa **Transportes José Núñez Barros, S.A.** para cubrir o servizo de transporte colectivo ao Hospital do Salnés, por un importe anual de 25.000 €.

Así mesmo e tendo en conta que o citado servizo comezará a prestarse o 23 de maio do presente ano e que o custe do mesmo é de 99,20 €/Día, acórdase aprobar un gasto total para o presente ano 2017 de 14.979,20 €.

**PRP2017/2250**

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **DANNER BOOTS, S.L.U** para o subministro de material de uniformidade para os tres alumnos que superaron o proceso selectivo na oposición para cubrir tres prazas de policía local, por un importe total de 1.542,39 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**Emprego**

**PRP2017/2204**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, dunha subvención total de 53.005,68 €, dentro do Programa de Fomento do Emprego e Mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais 2017, para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as a xornada completa durante tres meses, dende o 1 de xullo de 2017, para o Servizo de Salvamento e Socorrismo 2017, cunha aportación municipal de 1.212,48 €.

**PRP2017/2205**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Comercio, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun convenio de colaboración para a concesión dunha subvención, por importe total de 15.000,00 € con cargo á partida 4311.48501, á **Asociación de Comerciantes Centro Comercial Aberto de Vilagarcía “Zona Aberta”**, para realización de accións de dinamización e promoción do comercio local durante o exercicio 2017.



## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2017/2206**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases da convocatoria de subvencións para o financiamento do Plan Madruga nos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil e primaria de Vilagarcía de Arousa no an 2017, cun importe total de 10.000,00 €, con cargo á partida 320.48003, coa seguinte desagregación:

- 6.000 € (xaneiro-xuño)
- 4.000 € (setembro-décembro)

As principais características da convocatoria son:

- Unha axuda de 100 €/mes para cada ANPA por un mes completo.
- Non se require un número mínimo de usuarios.

#### **PRP2017/2207**

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** para o servizo de autobuses, os días 19 e 26 de maio, para o alumnado 3º curso de Educación Primaria dalgúns centros educativos que participarán na campaña “Quere o teu mercado”, por un importe total de 77 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2017/2211**

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SOCOMOR, S.A.** para o subministro de material para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía e Carril, por un importe total de 560,11 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **Xuventude**

#### **PRP2017/2217**

Dáse conta da Orde do 11 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, pola que se aproban as bases que rexerán as subvencións dirixidas ós Concellos para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á Xuventude durante o ano 2017.

Ó seu abeiro, e a proposta da Concellería de Xuventude, acórdase solicitarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado unha subvención para levar a cabo o programa de actividades denominado “Campamento Urbano Medioambiental – Aula da Natureza”, cun orzamento total de 5.168,97 €.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Turismo**

#### **PRP2017/2216**



Dáse conta de resolución da **Axencia de Turismo de Galicia**, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe de 4.511,61 €, para a contratación dunha persoa dende o 15 de xuño ao 15 de setembro para a Oficina de Turismo. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Consumo**

#### **PRP2017/2218**

Vista a proposta da Directora do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización do “Programa de prevención do consumo de alcohol en espazos de ocio nocturno e botellón”, o día 20 de maio, en horario nocturno, de 0:00 a 03:00 horas coa colocación dun Stand e vehículo na Praza da II República.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2017/2221**

Vista a solicitude de D. Juan Figueiras Roma **Cura Párroco de Cea**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme o vindeiro día 16 de xullo de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural Cortegada (Coral Cortegada), por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2222**

Vista a solicitude de Dona M<sup>a</sup> Carmen CAneda Torres, en representación da **Comisión de Festas a Nosa Sra. Da Xunqueira**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Nosa Sra. Da Xunqueira os días 27 e 28 de maio de 2017:

- Actuación da Asociación Cultural A Nosa Sra. Da Xunqueira (Grupo de Gaitas e Baile), o día 27 de maio, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2224**

Vista a solicitude de D. Juan M. Fungueiriño Fontenla, en representación da **Asociación Cultural Os Anxos**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Romaría na honra dos Anxos en Trabanca Sardiñeira os vindeiros día 6 e 7 de agosto de 2017:

- Actuación da Coral Alento Xoven, o día 6 de agosto, por un importe de 225,00 €.



Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2228**

Vista a solicitude de Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa – Zona Aberta**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dunha Sardiñada Popular que terá lugar o día 23 de xuño de 2017 na Praia da Concha:

- Actuación do Grupo de Gaitas e Baile da AA.VV. O Souto de Rubiáns, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2231**

Vista a solicitude de D. Juan José García Longo, en representación da **Asociación San Xoán de Bamio**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Xoán en Bamio os días 23, 24 e 25 de xuño de 2017:

- Actuación do Grupo de Gaitas do Centro Cultural e Deportivo Santa Plácida, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2232**

Vista a solicitude de D. José Martín Ventoso Portas, en representación da **Comisión de Festas San Antonio e Santa María de Guillán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Antonio e Santa María de Guillán, os días 17 de xuño e 9 de outubro de 2017:

- Asociación Cultural e Deportiva a Fonte Fría – Grupo de Baile Embruxo por un importe total de 450,00 € (Dúas actuacións de 225,00 €).

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

#### **PRP2017/2234**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a sinatura dun convenio de colaboración para a concesión dunha subvención, por importe total de 3.000,00 €



con cargo á partida 334.489, á “**Asociación Cultural Ameixa Rock**”, para a celebración da 5ª Edición do Festival Ameixa Rock 2017, que se vai a levar a cabo os días 1 e 2 de setembro de 2017d en Carril.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de valos, carpas, etc., que figuran na solicitude.

A xustificación da subvención farase de acordo coas cláusulas 5ª e 6ª do citado convenio.

### **PRP2017/2235**

Vista a proposta da Concellería de Cultura e o informe de Intervención, a Xunta de Goberno Local acorda:

Prestar aprobación ó orzamento estimativo das **Festas de Santa Rita/2017**, por un importe total de 49.512,54 €, con cargo á partida 338.22699 por importe de 47.512,54 € e con cargo á partida 338.225 por importe de 2.000,00 €, coa seguinte previsión de gastos:

Concepto/Provedor	Orzamento €	Importe provisión de fondos €
FRANCISCO ALBERTO FLORES COLMENARES (PACHO FLORES)	2.420,00 €	2.420,00 €
GALICIA ESPECTÁCULO DE NEGREIRA, S.L.	6.050,00 €	6.050,00 €
CLAFE DE FA, REPRESENTACIONES S.L.U.	8.470,00 €	8.470,00 €
CUNDE S.COOP. GALLEGA	7.865,00 €	7.865,00 €
PIROTÉCNIA PENIDE S.L. (BOMBAS)	3.719,54 €	3.719,54 €
GLOBAL SETUP, S.L. (PRODUCCIÓN CONCERTO SES)	5.929,00 €	5.929,00 €
PASARRUAS E ACTUACIÓN CORAL	3.059,00 €	
2º ENCONTRO FOLKLORICO SANTA RITA	1.000,00 €	
PRENSA, RADIO, TV. IMPRENTA	5.000,00 €	
SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES E EDITORES	3.000,00 €	
TAXAS AUTORIDADE PORTUARIA	2.000,00 €	
GASTOS VARIOS (ALUGUER MATERIAL, XARDÍN, ELECTRICIDADE, ETC.)	1.000,00 €	
<b>TOTAL</b>	<b>49.512,54 €</b>	<b>34.453,54 €</b>

A provisión de fondos polo importe de 34.453,54 € a favor da habilitada Dona Luz Mª Abalo pérez.

A realización das seguintes actividades sen gastos directos para o Concello:

- Infantis: “A Rúa dos Cativos”, a cargo de RGM Eventos.
- Feira Celta, os días 19, 20, 21 e 22 de maio, a cargo de Dona Begoña Isorna Lafuente.

Así mesmo indícase que a actuación de Pacho Flores no Salón de Actos do Auditorio terá un prezo de entrada único de 6 €, sendo a recadación para o Concello. A venda de entradas será pola canle Ticketea.com, polo que se deberá asumir os gastos segundo o convenio, así como os gastos de SGAE.

### **ASUNTOS DE CONTRATACIÓN**

#### **PRP2017/2219**

Dáse conta de proposta do Concelleiro de Policía Local, Seguridade e Promoción Económica de modificación das características mínimas para o subministro da motocicleta con destino á Policía Local, dado que o procedemento de licitación para a adxudicación do contrato quedou deserto.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar as características técnicas que se indican no informe da Inspectora Principal Xefa da Policía Local así como o novo prezo de licitación, que ascende a 12.100,00 € (IVE incluído).
- 2.- Trasladar á Deputación Provincial de Pontevedra o presente acordo, así como os modelos normalizados do Plan de Obras e Servizos 2016 necesarios para levar a efecto a modificación do orzamento, sendo o seu financiamento o seguinte:
  - a) Con cargo á Deputación Provincial (Plan Concellos 2016): 7.688,98 €
  - b) Con cargo a Fondos Propios do Concello de Vilagarcía: 4.411,02 €



#### **PRP2017/2239**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a memoria valorada das obras de Pintado da balaustrada de Carril, redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de execución por contrata de 6.303,31 €, con cargo á partida 453.210.

#### **PRP2017/2244**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de aboamento do importe da prefinanciación inicial correspondente aos anos 2014, 2015 e 2016 do Programa Operativo FEDER 2014-2020 por un importe de 164.500,00 €. (Vilagarcía Avanza)

### **ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

#### **PRP2017/2262**

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.800,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de abril de 2017, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 1.200,00 €€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

#### **PRP2017/2263**

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de abril de 2017, por un importe total de 4.180,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	110	660,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	6	110	660,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	6	110	660,00
D. TOMÁS FOLE DÍAZ	2	110	220,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	2	110	220,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	1	110	110,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	1	110	110,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	2	110	220,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	1	110	110,00





D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220,00
TOTAL			4.180,00

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.